



“II CONTROL DE MARCAS - ESCOLA CELTA ATLETISMO 2021”

Mércores 23 de xuño de 2021, Pistas Municipais de Atletismo de Balaidos (Vigo)

REGULAMENTO:

ARTIGO 1. Organizadores e obxectivos.

O **Grupo Celta Atletismo**, co patrocinio da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra, Abanca, Socios Colaboradores e a participación da Federación Galega de Atletismo e o Comité Galego de Xuíces, organizará o **“II CONTROL DE MARCAS - ESCOLA CELTA ATLETISMO 2021”** có obxectivo de reiniciar a actividade competitiva dos/as atletas máis cativos/as neste tempo de Pandemia.

ARTIGO 2. Data e instalación.

O **“II CONTROL DE MARCAS - ESCOLA CELTA ATLETISMO 2021”** terá lugar o vindeiro mércores 23 de xuño a partires das 18:00 horas nas Pistas Municipais de Atletismo de Balaidos (Vigo).

ARTIGO 3. Control técnico da proba e cronometraxe.

A competición estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial. Haberá cronometraxe eléctrica e todo o reflectido no presente regulamento rexeráse polas normas vixentes da FGA, RFEA e IAAF.

ARTIGO 4. Inscripción e entrega do dorsal.

Poderán participar todos/as os/as atletas con licenza federativa en vigor.

As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA: <https://isis.rfea.es/sirfea2/>. O prazo de inscrición rematará o domingo 20 de xuño ás 20.00 horas.

O límite de participación será de 10 participantes en concursos e 8 en carreiras. Terán preferencia na admisión os/as atletas do Real Club Celta Atletismo, Club Atletismo Femenino Celta e os seus Clubs Asociados. As prazas restantes sortearanse entre os/as atletas que non houberen competido na tempada 2021 e, se aínda quedasen prazas valeiras, serían para as mellores marcas realizadas nas tempadas 2020 e 2021. A organización reservase o dereito a convidar a atletas que non cumpran estes criterios.

ARTIGO 5. Categorias de competición e programa de probas.

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	PROBAS
SUB8	2015-2014	50m e lonxitude
SUB10	2013-2012	50m e pelota (200gr.)
SUB12	2011-2010	60m e lonxitude
SUB14	2009-2008	150m, 220 valos (0,76), 3000m marcha, 1000 obstáculos homes, martelo (3kg) e xavelina (400gr.M - 500gr.H)
Absoluto		600m mulleres e 3000m marcha



ARTIGO 7. Servizos médicos e outros servizos.

A proba disporá de servizos médicos regulamentarios, así como de ambulancia asistencial. Todos/as os/as atletas participantes estarán cubertos por un Seguro Deportivo de Accidentes.

ARTIGO 8. Reclamacións.

Tódalas reclamacións deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais.

ARTIGO 9. LOPD.

Todos/as os/as atletas, ao realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.

ARTIGO 10. Horario.

CARREIRAS	HORA	CONCURSOS ¹
220m valados sub14. Homes	18:00	Lonxitude Sub12. Final A Homes ² Lonxitude Sub12. Final B Homes Pelota Sub10. Final A Mulleres ³
220m valados Sub14. Mulleres	18:10	
50m Sub8. Final A Homes	18:30	
50m Sub8. Final B Homes	18:35	
50m Sub8. Final A Mulleres	18:40	Lonxitude Sub12. Final A Mulleres ² Lonxitude Sub12. Final B Mulleres Xavelina Sub14 Mixta ⁴
50m Sub8. Final B Mulleres	18:45	
50m Sub10. Final A Homes	18:50	
50m Sub10. Final B Homes	18:55	
50m Sub10. Final A Mulleres	19:00	
50m Sub10. Final B Mulleres	19:05	
60m Sub12. Final A Homes	19:20	Lonxitude Sub8. Final A Homes ⁵ Lonxitude Sub8. Final B Homes Pelota Sub10. Final A Homes ³
60m Sub12. Final B Homes	19:25	
60m Sub12. Final A Mulleres	19:30	
60m Sub12. Final B Mulleres	19:35	
150m Sub14. Final A Homes	19:50	
150m Sub14. Final B Homes	19:55	
150m Sub14. Final A Mulleres	20:00	Lonxitude Sub8. Final A Mulleres ⁵ Lonxitude Sub8. Final B Mulleres Pelota Sub10. Final B Mulleres ³
150m Sub14. Final B Mulleres	20:05	
600m Absoluto Final Mulleres	20:15	
1000m obstáculos Sub14 Homes	20:30	
3000 m marcha Absoluto. Mulleres	20:40	Martelo Sub14. Mixto ⁶ Pelota Sub10. Final B Homes ³
3000m marcha Absoluto. Homes	21:05	

¹Haberá tres intentos en tódolos concursos.

²Táboa de 2m e 3m.

³Pelota 200gr.

⁴Xavelina 400gr. Mulleres, Xavelina 500 gr. homes.

⁵Táboa de 1m.

⁶Martelo 3kg.



ARTIGO 11. CÁMARA DE CHAMADAS

Todos/as os/as participantes deberán pasar por Cámara de Chamadas antes súa proba.

PRUEBA	PRESENTACIÓN	SAIDA A PISTA
CARRERA	20'	10'
CONCURSO	30'	20'

ARTIGO 12. ACCESO ATLETAS E RECOLLIDA DE DORSAIS

Os/as atletas poderán acceder á instalación dende 1 hora antes da súa proba e, unha vez finalizada a súa participación, deberán abandonar a instalación o antes posible. Os/as Delegados/as de cada club recollerán os dorsais na Secretaría de Competición.

É obrigatorio entregar, no momento de acceder á instalación, a folia de Declaración Responsable, dispoñible na web atletismo.gal, debidamente cumprimentada e asinada.

ARTIGO 13. PROTOCOLO DE SEGURIDADE COVID-19.

a) ACCESO Á INSTALACIÓN.⁷

O acceso a instalación realizarase pola entrada principal das Pistas Municipais de Atletismo de Balaidos, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo a sinalización. Realizarase control de temperatura a todas as persoas que accedan á instalación. Non se permite o acceso ás familias e o público en xeral.

Autorizarase o acceso á instalación, unicamente, os/as atletas participantes, xuíces e persoal de organización. Permitirase o acceso a fotógrafos/as e redactores/as de medios de comunicación debidamente acreditados. Poderá acreditarse unha persoa representante por Club (delegado/a ou adestrador/a con licenza en vigor); se os participantes dunha mesma entidade son entre 10 e 20 atletas permitirase 1 delegado/a e 1 adestrador/a; entre 21 e 30, 1 delegado/a e 2 adestradores/as; entre 31 e 40, 1 delegado/a e 3 adestradores/as; máis de 41 atletas, 1 delegado/a e 5 adestradores/as. Unha vez rematada a súa función prérgase que atletas e persoal responsable abandonen a instalación. Poderán solicitar cadansúa acreditación na web atletismo.gal

Soamente se poderá estar na grada ou nas zonas sinaladas; na grada, estarase sempre sentado, coa máscara posta correctamente e non se poderán mover do seu sitio, salvo causa xustificada. Haberá persoal da organización para controlar estas indicacións.

b) USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA E MEDIDAS HIXIÉNICAS.

É obrigatorio a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA. Haberá máscaras e xel hidroalcohólico na zona de acceso á instalación, na Secretaría, na Cámara de Chamadas, e nas zonas que requiran os xuíces para o seu cometido. Haberá produto hixienizante para os tacos de saída das carreiras e para as zonas de concurso que o requiran (artefactos).

⁷Anexo 1.



c) VESTIARIOS.

Os vestiarios permanecerán pechados e só se permitirá o acceso ós aseos a disposición dos/as atletas.

d) ZONA DE QUECEMENTO.

Os/as atletas poderán facer uso da zona de quecemento. O quecemento deberá realizarse de xeito individual, con máscara e gardando a distancia de seguridade respecto aos demais atletas. Está prohibido quentear correndo arredor da pista.

e) CARREIRAS.

Nas carreiras, as máscaras hixiénicas coas que se entre na zona de competición serán depositadas nun cesto e ó rematar a carreira a organización daralles unas novas. No caso de abandono sen concluír a proba, o/a atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para que lle sexa entregada unha máscara.

f) COORDINADOR DE PROTOCOLO FISICOVID-DXT GALEGO.

A organización estará a disposición do Coordinador FISICOVID-DXT GALEGO nomeado pola FGA para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas. As indicacións do Coordinador FISICOVID-DXT GALEGO son de obrigado cumprimento para todas as persoas presentes na instalación.

g) NORMATIVA

A competición desenvolverase segundo o Protocolo FISICOVID – DXT GALEGO da FGA e aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia. O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.



· ANEXO 1.



Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o atleta consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así coma a xestión da licenza de día e o Ranking Galego de Pista ao Aire Libre. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 – 15008. A Coruña.